

Retorno dun clásico

Hai xa doce anos dende a primeira edición de *Cartas de inverno*, e de seguro que nese intre Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947), arquitecto escritor, autor dun número considerable de obras en lingua galega, traducidas a moitas outras linguas, e merecedor de moitos dos máis prestixiosos premios literarios, Merlín, 1998; Raíña Lupa, 1998; Lista de Honra do IBBY, 1992; Lazariello, 1990 ou Lista de Honra do IBBY, 1992, non agardaba o éxito desta novela considerada pola crítica unha das obras clásicas do xénero de terror, gañadora do Premio Rañolas en 1995, e que agora, con motivo da súa vixésima edición, vén de ser actualizada polo propio autor quen tamén inclúe un epílogo.

Cartas de inverno contén todos os ingredientes que fan triunfar unha novela de terror, tales como a referencia a seres vinculados ao alén, e mesmo ao ultramundo mitolóxico galego, a creación dunha sensación misteriosa, de inquietudanza e desasosiego, a introdución de recursos cinematográficos e a conxunción de elementos reais á beira doutros de natureza increíble ligados dende as súas orixes ao xénero de terror. Estas compoñentes atraían e engaiolaban os lectores apaixonados desta caste de obras. Estes precisan atopar na

Con todos os ingredientes



PAULA FERNÁNDEZ



obra unha sensación de verosimilitude que lles faga vivir a obra con maior intensidade, algo conseguido gra-

zas ao emprego de personaxes actuais, Adrián e Xabier, que se comunican por carta, e por este medio será que Adrián comunique ao seu amigo a compra da casa arredor da cal se artellará toda a trama. Unha casa froito dun estraño aínda que real anuncio publicado neste mesmo xornal en 1993 que será o espazo idóneo para ambientar a novela e o lugar onde finalmente se producirá a traxedia.

Unha obra chea de alusións ás artes plásticas e literarias, grazas ás profesións de Xabier e Adrián, escritor e pintor respectivamente, que bebe das fontes de Howard Phillips Lovecraft autor de libros de terror creador tamén dunha impresionante e conmovedora cosmogonía arredor de Cthulhu e outros deuses terribles, e á que grazas á proliferación de voces narrativas, sen dúbida o maior acerto da novela, xurdidas, tal e como o mesmo autor define en comparanza cunha boneca matrioska, unhas das outras dentro dunha estrutura ben deliñada e nada fortuita, podemos hoxe, avalados pola resposta da crítica e dos lectores, considerar *Cartas de inverno* unha das obras máis salientables dentro da literatura galega, nesa etapa límite que separa a adolescencia da idade adulta.

FERNÁNDEZ PAZ, Agustín,
Cartas de inverno, Ed. Xerais,
Vigo, 2007, 133 páxinas.